



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Actividade Convocatoria sesión ordinaria Pleno
Número expediente PLN/2025/010

PLN/2025/10- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA VINTE E CINCO DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Sendo as nove horas e dous minutos do vinte e cinco de xuño do ano dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, reúnese o Pleno aos efectos de celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

Cadro de asistencia	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel Kuntz Peiteado	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Begoña María Gómez Díaz	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier Cartelle Cudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Non asiste
Iván Martínez González	Non asiste





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Actúa como secretaria a titular do posto de secretaria xeral, Dna. Paula E. Ramos Díaz.

Coa presenza da interventora accidental, Mercedes Santiago Ocampo (Decreto 2025-0721, de 12 de xuño de 2025).

Excusan a súa asistencia os/as concelleiros integrantes do grupo municipal EU por motivos profesionais.

Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade co establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1º.- SECRETARÍA.-APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 23.05.2025 (2025-0009) E 28.05.2025 (2025-0010). Para os efectos previstos no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese á consideración do Pleno:

- Borrador da acta da sesión ordinaria realizado polo Pleno con data 23.05.2025 (2025-09).

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	Ausentes na sesión

- Borrador da acta da sesión ordinaria realizado polo Pleno con data 28.05.2025 (2025-10).

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
-----------------	----	-----	-----------	----





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	4 votos a favor e unha abstención por ausencia na sesión	A favor	A favor	Ausentes na sesión

2º.CONTRATACIÓN.- EXPEDIENTE 1216/2024.PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024.ADICIONAL 1/2025 - RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2025-0743, SOBRE APROBACIÓN PROXECTO CORRIXIDO ACONDICIONAMENTO CLUB DO MAR. Elévase á consideración de Pleno o expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 1216/2024, Resolución de Alcaldía núm. 2025-0743, asinada con data 16.06.2025 cuxa parte dispositiva sinala:

“ ...

1º.- Prestar aprobación, ao novo proxecto corrixido: “Acondicionamento do Clube do Mar” , polo importe de 98.806,85 euros, IVE incluído, redactado polo arquitecto D. Manuel Porto Vila e asinado dixitalmente en data 11.06.2025, e que figura incluído na achega provincial 2025 do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2025.

2º.- Queda, en consecuencia, sen efecto a aprobación do proxecto, efectuada pola resolución da alcaldía núm. 2025-0507, do 30.04.2025.

3º.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión que se celebre para a súa ratificación así como á Comisión Informativa de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs para os efectos previstos no artigo 126.2º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. ”

Resolución da que se deu conta á Comisión Informativa de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs en sesión ordinaria realizada con data 19.06.2025.

Primeira quenda de intervencións	
Grupo PP	Abre o exame deste punto da orde do día o concelleiro delegado de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs trasladando que a emenda requirida pola Deputación obedece a cuestións técnicas.
Grupo PSdG-PSOE	Inicia a súa primeira intervención o voceiro do grupo, indicando que xunto con cuestións de carácter técnico asociadas quizás ás presas





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	na redacción, existen outras que descoñece se están resoltas como as relativas á unidade funcional da obra e dispoñibilidade dos terreos, para as que se solicita público pronunciamento.
Alcalde	Cede o uso da palabra á secretaría para que poda dar contestación á petición de información.
Secretaria	Traslada que limitará a súa resposta ao seu ámbito de competencias e indica que a dispoñibilidade dos terreos está asociada á tramitación dun novo convenio de uso co Club do Mar pendente de tramitación.

Segunda quenda de intervencións	
Grupo PSdG-PSOE	En función da aclaración realizada por secretaría, o seu grupo absterase na votación.

Rematado o debate e sometida a proposta a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	Abstención	Abstención	Ausentes na sesión

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o **seguinte acordo**:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 2025-0743, asinada con data 16.06.2025 nos seus propios termos.

3º.-SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A REINTEGRACIÓN DO CONCELLO DE MUGARDOS NO CONVENIO DE XESTIÓN COMPARTIDA DO PUNTO LIMPO DE VILAR DO COLO.- Escrito de moción do que se deu conta á Xunta de Portavoces na sesión realizada con data dezanove de xuño de dous mil vinte e cinco:

“4.1º MOCIÓN PARA A REINTEGRACIÓN DO CONCELLO DE MUGARDOS NO CONVENIO DE XESTIÓN COMPARTIDA DO PUNTO LIMPO DE VILAR DO COLO (2025-E-RPLN-9, 16.06.2025).

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Escrito de moción que responde ao seguinte contido:

"En abril de 2019 asinouse un convenio entre os concellos de Fene, Ares, Cabanas e Mugardos para a posta en marcha e xestión dun punto limpo intermunicipal no polígono de Vilar do Colo.

Esta infraestrutura púxose en funcionamento no ano 2025, como servizo público destinado á recollida de residuos especiais, voluminosos e perigosos, mellorando a xestión ambiental e a calidade de vida da cidadanía.

Porén, o Concello de Mugardos abandonou o convenio antes de que o punto limpo entrara en funcionamento, por decisión unilateral do goberno local (PP), desoíndo un acordo plenario previo que avalaba a participación de Mugardos nesta iniciativa compartida. Como consecuencia, a veciñanza de Mugardos non pode acceder actualmente ao servizo, quedando excluída dun servizo esencial para a xestión responsable dos residuos.

Esta saída anticipada do convenio foi un erro político e de xestión que se enmarca nun modelo de política de residuos profundamente deficiente por parte do actual goberno municipal. A falta de planificación, o abandono da recollida selectiva, a insuficiencia de medios e a inexistencia de campañas de educación ambiental tradúcense nunha situación visible de abandono e desorde nas rúas: colectores desbordados, lixo fóra de lugar, e unha sensación xeral de desleixo que prexudica a imaxe e a calidade de vida do municipio.

Desde o BNG defendemos un modelo de: xestión pública, cooperativa e con visión a longo prazo, no que o punto limpo non é un substituto doutras accións, senón un complemento necesario dentro dunha estratexia integral que inclúa compostaxe, recollida selectiva, redución na xeración de residuos e educación ambiental.

É urxente que Mugardos recupere o camiño da cooperación intermunicipal, non só por razóns económicas, senón por responsabilidade ambiental e xustiza social. E é igualmente necesario lembrar que os acordos plenarios teñen carácter vinculante e deben ser respectados.

Por todo o anterior, propónse ao Pleno o debate e a adopción dos seguintes acordos:

PROPOSTA DE ACORDOS,

1 Instar ao goberno municipal a presentar no Pleno, nun prazo máximo de 60 días, un informe técnico-económico que avalíe as condicións para a reincorporación ao convenio e as necesidades do servizo para Mugardos.

2 Instar ao goberno municipal a iniciar contactos formais cos concellos asinantes do convenio e a facelo público mediante nota de prensa, publicación web e redes sociais municipais, para garantir a transparencia do proceso.

3 Establecer un prazo máximo de seis meses para acadar un novo acordo de adhesión, instando ao goberno municipal a informar periodicamente ao Pleno e á cidadanía sobre o estado das negociacións.

4 Instar ao goberno municipal a crear unha campaña municipal de información ambiental dirixida á veciñanza para explicar que é o punto limpo, que residuos admite e que beneficios ten, co obxectivo de fomentar o seu uso responsable unha vez restablecido o servizo.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

5 Reiterar que os acordos plenarios son de obrigado cumprimento, exixindo que o goberno respecte a vontade maioritaria da corporación."

A Xunta de Portavoces dá por realizado o trámite para a súa elevación á consieración do Pleno."

Primeira quenda de intervencións	
Grupo BNG	Abre o exame deste punto da orde do día o concelleiro Javier Cartelle Cudilleiro quen pasa a dar lectura ao escrito da moción.
Grupo PP	Toma a palabra o portavoz do grupo. Sinala que o acordo adoptado polo Pleno no seu día non foi precedido dos informes preceptivos o que afectaría á súa validez. Rexeita que a decisión adoptada polo concello de Mugardos fose unilateral por canto do convenio al igual desvinculouse o concello de Neda tras a emisión de reparo polo servizo de intervención, ao apreciar unha dobre prestación. Incidencia igualmente presente no informe posteriormente emitido pola intervención municipal. Lembra que a normativa que entrou en vigor o pasado ano establece unha obriga de implantación do contenedor marrón e de punto limpo. Polo que se está vendo a posibilidade na Mancomunidad de que os concellos que non contén cunha licitación xa en marcha como Ferrol, Narón o Valdoviño, podan tramitar e licitar o servizo común. E respecto do obxecto propio da moción, non estando prestando servizos a empregada pública que ten que emitir o informe, propón elevar o expediente completo á consideración da Comisión Informativa de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs para ter unha visión global. Elo sen prexuízo de que o seu grupo esté de acordo co obxecto da moción.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Segunda quenda de intervencións	
Grupo PSdG-PSOE	Intervén o portavoz do grupo. Están de acordo co fondo da moción que ademais agora xa é unha obriga. Con todo, como o acordo xa se adoptou no seu día están de acordo con que se eleve á consideración da Comisión Informativa.
Grupo BNG	O concelleiro Javier Cartelle Cudilleiro manifesta que o seu grupo está de acordo con que se pase a moción e o expediente á orde do día da Comisión Informativa.

En función do indicado por todos os grupos municipais, o alcalde retira o punto da orde do día para que se sexa sometido á consideración da Comisión Informativa de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs

4º.-SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA PROMOVER A MOBILIZACIÓN DE VIVENDAS DA SAREB EN MUGARDOS PARA DESTINALAS A ALUGUEIRO SOCIAL E USO PÚBLICO-
Escrito de moción do que se deu conta á Xunta de Portavoces na sesión realizada con data dezanove de xuño de dous mil vinte e cinco:

“4.2º.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA PROMOVER A MOBILIZACIÓN DE VIVENDAS DA SAREB EN MUGARDOS PARA DESTINALAS A ALUGUEIRO SOCIAL E USO PÚBLICO (2025-E-RPLN-8 , 16.06.2025).

Escrito de moción que responde ao seguinte contido:

"O acceso á vivenda é un dereito básico recoñecido na Constitución, mais a súa garantía real segue a ser unha débeda pendente para milleiros de persoas. En lugar de facilitarlles o seu acceso á cidadanía, as administracións públicas seguen favorecendo o tratamento da vivenda como un ben de investimento.

A SAREB –entidade pública creada para xestionar activos da banca rescatada con fondos públicos – dispón en Mugardos de 106 vivendas baleiras, 111 garaxes e trasteiros anexos, 25 solares e ... Estes inmobles están sen uso mentres moitas familias e persoas, especialmente mozas, sofren dificultades para acceder a unha vivenda digna.

O BNG leva anos denunciando a falla dunha política real de vivenda pública e o carácter antisocial da xestión da SAREB, como demostran os múltiples casos de desafiuzamentos en concellos como Silleda, Narón, Burela, Ares ou Vigo. Accións no Parlamento de Galicia e no Congreso dos Deputados son boa parte deles.

Neste contexto, é evidente que un concello como Mugardos non dispón dos medios económicos nin técnicos para asumir directamente a totalidade deses inmobles, mais iso non exime ao Goberno municipal da súa responsabilidade: é urxente poñer en marcha

Avda. de Galicia, 45. Tfnos.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

unha estratexia institucional para xestionar parte deses bens mediante fórmulas xa existentes noutros concellos:

- Convenios de cesión con outras administracións (como o IGVS ou o Ministerio de Vivenda).
- Programas de alugueiro social con financiamento estatal ou autonómico.
- Utilización de vivendas como recursos de emerxencia social temporais para casos urxentes.

A mobilización destes recursos permitiría mellorar a calidade de vida da veciñanza, facilitar o acceso á vivenda, combater o despoboamento e dinamizar a economía local. Coa finalidade dunha busca de solucións e melloras para a veciñanza, elevamos esta moción ao Concello-Pleno.

PROPOSTA DE ACORDO:

1 Instar ao Goberno municipal a iniciar os trámites formais coa SAREB para solicitar a cesión, uso ou xestión dunha parte dos inmobles localizados no termo municipal, coa finalidade de destinalos a programas de alugueiro social ou outros usos de interese público.

2 Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a establecer convenios co Concello de Mugardos que posibiliten a xestión compartida ou financiada destes inmobles, seguindo modelos xa aplicados noutros concellos, garantindo o seu uso como vivenda protexida, recursos de emerxencia social ou outras solucións públicas de acceso á vivenda.

3 Reclamar a posta en marcha dun plan galego de mobilización dos activos da SAREB en coordinación cos concellos, con información pública e mecanismos de cooperación efectiva entre administracións.

4 Comunicar este acordo á SAREB, á Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia, ao Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana, e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia e das Cortes Xerais."

A Xunta de Portavoces dá por realizado o trámite para a súa elevación á consieración do Pleno."

Primeira quenda de intervencións	
Grupo BNG	Inicia o exame deste punto da orde do día a Portavoz do grupo dando lectura aos pronunciamentos da moción.
Grupo PSdG-PSOE	Toma a palabra o portavoz do grupo. Lembra que no ano 2022 xa se elevou a Pleno unha moción similar cun contido máis amplo que se retirou da orde do día, e unha parte da mesma se considerou aceptada por canto o portavoz do grupo PP anticipou que xa existía un borrador de de regulamentación do alugueiro social que se sometería á consideración de Comisión Informativa. Non lles costa que así teña acontecido.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	O seu grupo está de acordo co sentido e o punto primeiro coa aprobación do indicado regulamento. En canto ao resto dos puntos, parécenlle pouco viables aínda que se pode chegar a acordos puntuais. Por elo considera que o concello debe centrarse nas competencias que posúe para negociar coa SAREB.
Grupo PP	Intervén de seguido o portavoz do grupo que lembra igualmente os antecedentes. Indica que o principal problema é que os inmobles carecen de primeira ocupación sen que a SAREB ate o momento tivese intención de adecuar ás construción á licenza de obras. A intención do SAREB é liquidar e non invertir. Polo que se intentou que cedesen a titularidade á Xunta de Galicia para que acometa as inversión necesarias e tras elo as adique ca alugueiro social. E en tanto non se solvente este problema, non se aplicaron esforzos en continuar coa tramitación do regulamento. No caso de que non se retire o pronunciamento nº 3 do escrito de moción, o seu grupo absterase na votación.
Alcalde	Tratou deste tema con Alcaldes da comarca xa que Mugardos foi primeiro en por en marcha esta iniciativa e todos/as comparten que o SAREB non cede na súa posición. O SAREB estaría interesada en sacar adiante a promoción do Cristo e de Contramaestre Casado. Ao igual trasladou o problema á Mancomunidades en alcadar resposta. En calquera caso quere que se realice unha reflexión profunda sobre a alta porcentaxe do parque de vivendas que carecen de licenza de primeira ocupación o que provocou que non houbera xente interesada na súa adquisición. E pecha a súa intervención instando ao





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	Goberno de España a que SAREB tome iniciativa xa que sen elo a Xunta de Galicia non pode facer nada. Adianta en todo caso que a intención da SAERB é vender todo o seu activo de bens antes do ano 2027.
--	--

Segunda quenda de intervencións	
Grupo PSdG-PSOE	O portavoz do grupo inicia esta segunda quenda de intervencións indicando que ao mellor a SAREB sí está interesado en vender as vivendas ao concello coma poda acontecer co edificio das palmeiras. Polo que insta a que se podan seguir os cotnactos coa SAREB e que se traslade aos grupos a información. Por lo que sí que se pueden seguir avanzando y que cuando haya contactos que se trasladase información al resto de los grupos. En este momento abandona el salón de sesión Marta Ruíz del Ganso.
Neste momento abandona o salón de sesións a concelleira Marta Ruíz del Ganso.	
Grupo BNG	Toma a palabra a portavoz do grupo e sinala que non existe problema ningún en incorporar un novo punto. Segundo a páxina da SAERB está a disposición de peticións como a que da que se está a falar. Polo que pode volver a intentar e incluír novamente na axenda pública a necesidade de sacar a iniciativa adiante.
Grupo PP	Inicia a súa segunda intervención o portavoz do grupo aclarando que o concello non é o titular do edificio das palmeiras en tanto non se ceda o local. Considerando que a compra do edificio é inviable. Como conelleiro máis xoven da corporación quere por en atención ás dificultades que ten a súa xeneración xa castigada por outros facores, en poder adquirir a súa primeira vivenda.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	Reitera que o principal problema é que non posúen primeira ocupación e que a posible solución é que SAREB ceda os inmoble á Xunta de Galicia para que poda realizar as obras que permitan concluir o trámite urbanístico para sacalas despois ao mercado.
BNG	Reitera que hai que seguir insistindo e cando hai un problema, buscar solucións. Por tal motivo presentan esta moción para que o goberno poda seguir dando pasos en diante e se inicien os trámites. Prestan aprobación a que se inclúa un novo punto para que se poda iniciar a tramitación do regulamento e que se leve a Comisión Informativa, máis se manteñen os restantes puntos

Rematado o debate e sometida a moción a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (2)	EU (2)
Sentido do voto	Abstención	A favor	A favor	Ausentes na sesión

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

Primerio.- Instar ao Goberno municipal a iniciar os trámites formais coa SAREB para solicitar a cesión, uso ou xestión dunha parte dos inmobles localizados no termo municipal, coa finalidade de destinalos a programas de alugueiro social ou outros usos de interese público e á tramitación do regulamento municipal para destinar as vivendas a alugueiro social elevando o expediente a Comisión Informativa.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a establecer convenios co Concello de Mugardos que posibiliten a xestión compartida ou financiada destes inmobles, seguindo modelos xa aplicados noutros concellos, garantindo o seu uso como vivenda protexida, recursos de emerxencia social ou outras solucións públicas de acceso á vivenda.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Terceiro.- Reclamar a posta en marcha dun plan galego de mobilización dos activos da SAREB en coordinación cos concellos, con información pública e mecanismos de cooperación efectiva entre administracións.

Cuarto.- Comunicar este acordo á SAREB, á Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia, ao Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana, e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia e das Cortes Xerais.

5º.-SECRETARÍA.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE MUGARDOS NO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBIQ+ DO 28 DE XUÑO - Escrito consensuado entre todos os grupos ao que da lectura a portavoz do grupo BNG:

“No día 28 de xuño, o Concello de Mugardos reafirma o seu compromiso coa diversidade, a igualdade e o respecto ás múltiples identidades que configuran a nosa sociedade. Convencidos de que cada persoa ten dereito a vivir plenamente a súa identidade, en liberdade e con dignidade, celebramos o Día Internacional do Orgullo LGTBIQ+ como unha oportunidade para visibilizar a loita e as reivindicacións das persoas lesbianas, gais, bisexuais, transexuais, transxénero, intersexuais, queer e todas aquelas expresións diversas que enriquecen o noso tecido social.

Neste día, exaltamos o valor da diversidade como motor de cambio e recoñecido ben común. Con orgullo, asumimos a misión de construír espazos inclusivos e seguros, onde todas as persoas poidan expresarse sen medo á discriminación ou á exclusión. O noso compromiso é promover a educación en valores, fomentar o diálogo aberto e proporcionar respostas afirmativas a todas as iniciativas que traballen pola igualdade de dereitos e a plena inclusión social.

Para o Concello de Mugardos a diversidade é un patrimonio que nos une e nos fortalece, e que o respecto ás diferenzas é fundamental para construír unha comunidade xusta e solidaria. Con esta declaración, chamamos á nosa cidadanía e ás institucións a unir forzas para derrubar barreiras e a impulsar políticas públicas que garantan unha convivencia plena e harmoniosa para todas e todos.

Nesta data de orgullo e reivindicación, queremos iluminar camiños de esperanza e solidariedade, reafirmando que a loita por dereitos non é solitaria, senón un camiño colectivo cara ao futuro. Invitamos a toda a comunidade a participar activamente na construción dun Mugardos onde cada identidade, orientación e expresión de xénero, se sinta respectada, valorada, segura e visible.

Avancemos xuntos, na liña da equidade, o respecto e a liberdade, convencidos de que a diversidade é a nosa maior riqueza e o pracer de vivir.”

Rematado o debate e sometida a moción a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:

Avda. de Galicia, 45. Tfnos.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (2)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	Ausentes na sesión

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Efectuar a seguinte Declaración Institucional do Concello de Mugardos no Día Internacional do Orgullo LGTBIQ+ do 28 de xuño:

No día 28 de xuño, o Concello de Mugardos reafirma o seu compromiso coa diversidade, a igualdade e o respecto ás múltiples identidades que configuran a nosa sociedade. Convencidos de que cada persoa ten dereito a vivir plenamente a súa identidade, en liberdade e con dignidade, celebramos o Día Internacional do Orgullo LGTBIQ+ como unha oportunidade para visibilizar a loita e as reivindicacións das persoas lesbianas, gais, bisexuais, transexuais, transxénero, intersexuais, queer e todas aquelas expresións diversas que enriquecen o noso tecido social.

Neste día, exaltamos o valor da diversidade como motor de cambio e recoñecido ben común. Con orgullo, asumimos a misión de construír espazos inclusivos e seguros, onde todas as persoas poidan expresarse sen medo á discriminación ou á exclusión. O noso compromiso é promover a educación en valores, fomentar o diálogo aberto e proporcionar respostas afirmativas a todas as iniciativas que traballen pola igualdade de dereitos e a plena inclusión social.

Para o Concello de Mugardos a diversidade é un patrimonio que nos une e nos fortalece, e que o respecto ás diferenzas é fundamental para construír unha comunidade xusta e solidaria. Con esta declaración, chamamos á nosa cidadanía e ás institucións a unir forzas para derrubar barreiras e a impulsar políticas públicas que garantan unha convivencia plena e harmoniosa para todas e todos.

Nesta data de orgullo e reivindicación, queremos iluminar camiños de esperanza e solidariedade, reafirmando que a loita por dereitos non é solitaria, senón un camiñar colectivo cara ao futuro. Invitamos a toda a comunidade a participar activamente na construción dun Mugardos onde cada identidade, orientación e expresión de xénero, se sinta respectada, valorada, segura e visible.

Avancemos xuntos, na liña da equidade, o respecto e a liberdade, convencidos de que a diversidade é a nosa maior riqueza e o pracer de vivir.

Segundo.- Dar publicidade á declaración aprobada.

6º.- SECRETARÍA.- MOCIÓNES URGENTES

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Non se formulan.

Neste momento abandona o salón de sesións o concelleiro José Miguel Mahía Prados.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

7º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.-

Dáse lectura á dilixencia estendida por Secretaría con data dezaioito de xuño de dous mil vinte e cinco:

“EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Uniuse ao expediente certificación do acordo adoptado na sesión plenaria celebrada en data 26.02.2025, na que se prestaba aprobación ás Normas de Funcionamento da Escola de Educación Infantil As Lagoas así como ao inicio do procedemento de modificación e aprobación do texto refundido do Regulamento de Réxime Interior da Escola de Educación Infantil de As Lagoas. Advertíndose que, por erro humano, a proposta elevada á aprobación do Pleno non contiña anexo algún que reflectise o texto das Normas de Funcionamento da Escola de Educación Infantil As Lagoas, pola Resolución da Alcaldía núm. 2025-0252, de data 28.02.2025, prestouse conformidade ás citadas normas para a súa sinatura e remisión a visado da Consellería de Política Social e Igualdade (resolución da alcaldía que foi ratificada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada en data 26.03.2025, uníndose ao expediente certificación do acordo adoptado); téndose visado as mesmas con data 05.03.2025 e procedido á publicación do texto visado no taboleiro de anuncios da sede electrónica, no taboleiro de anuncios da Oficina de Asistencia en materia de rexistros e páxina web, en tanto se desenvolva o período de matrícula do curso escolar 2025/2026, e con carácter permanente no Portal de Transparencia do Concello de Mugardos e no taboleiro de anuncios da EEI As Lagoas. Así mesmo, deuse inicio ao procedemento de modificación e aprobación do texto refundido do Regulamento de Réxime Interior da Escola de Educación Infantil As Lagoas mediante a tramitación de previa fase de audiencia e información pública, para o cal con data 3 de marzo de 2025 publicouse, no taboleiro de anuncios da sede electrónica, no portal de transparencia da sede electrónica e no espazo de participación cidadán a elaboración normativa da páxina web do concello, anuncio comprensivo do trámite de audiencia e información pública e texto do proxecto de modificación e texto refundido resultante do Regulamento de Réxime Interior da Escola de Educación Infantil de As Lagoas, sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación algunha, constando informe da funcionaria encargada do rexistro xeral e certificación de secretaría comprensivos de tal extremo, téndose unido ao expediente certificación do acordo adoptado na sesión plenaria celebrada en data 26.03.2025, na que se prestaba aprobación inicial á modificación e texto refundido resultante do RRI EEI As Lagoas, e publicándose no Boletín Oficial da Provincia núm. 64, de data 03.04.2025, anuncio de apertura de trámite información pública do Proxecto de modificación e aprobación de texto refundido resultante do regulamento de réxime interior As Lagoas, e simultaneamente no taboleiro de anuncios do Concello e no espazo de participación cidadá na elaboración normativa disponible na





Concello de Mugardos
(A Coruña)

páxina web, estando o expediente a disposición da veciñanza en formato papel no servizo de Secretaría de 09.00 a 14.00 horas, e o contido dos informes técnicos, resultado da fase previa de consulta e participación públicas e o texto completo do proxecto, no indicado portal de internet, sección e apartado, sen que no prazo de presentación de alegacións ou suxerencias se teña presentado alegación alguna, constando certificación de secretaría comprensivo de tal extremo, e téndose remitido, á Subdelegación do Goberno en A Coruña e á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, para os efectos establecidos no artigo 65.2º da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e coa finalidade de proceder tras a evacuación deste trámite á realización do indicado no 70.2º da devandita Lei, dilixencia de secretaría comprensiva do texto definitivo do proxecto de modificación e texto refundido resultante do Regulamento de Réxime Interior da Escola de Educación Infantil As Lagoas

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓN DO USO DA ESCOLA UNITARIA DE O SEIXO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DESTINADOS Á ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia de Alcaldía a continuación da tramitación para solicitar a efectiva desafectación da EEI así como a emisión de informe da traballadora social e arquitecta municipal para os efectos de verificar a aptitude urbanística do posible destino a un uso asistencial público para persoas maiores.

INICIO ACTUACIÓN EXPROPIACIÓN FORZOSA CON DECLARACIÓN DE URGENTE OCUPACIÓN “AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN O MONTE (SANTIAGO DE FRANZA)” POS +2024. Uniuse ao expediente certificación do acordo adoptado na sesión plenaria celebrada en data 30.04.2025 e deuse traslado do acordo e demais documentación complementaria á Xunta de Galicia, co fin de instar a declaración de urgente ocupación dos bens e dereitos afectados polo procedemento de expropiación forzosa para os efectos establecidos no artigo 52 da Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa. Téndose publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 114, de data 17.06.2025, o “DECRETO 44/2025, do 9 de xuño, polo que se declara a urgente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto denominado Ampliación da rede municipal de saneamento de augas residuais no Monte (Santiago de Franza), no concello de Mugardos”.

EXPEDIENTE 848/2023. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 2/2024. NOVA SOLICITUDE. Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do acordo á Deputación Provincial de A Coruña, téndose aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña, na sesión realizada o 22 de novembro de 2024, a 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E

Avda. de Galicia, 45. Tfnos.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) ADICIONAL 2/2024 - 2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2024 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL, estando condicionada a aprobación definitiva da obra de “Renovación e mellora cubrición pista deportiva de O Cristo” ao cumprimento das condicións singulares que se indican na Circular sobre a aprobación remitida pola Deputación Provincial (superación do trámite de supervisión técnica); téndose prestado aprobación, pola Resolución da Alcaldía núm. 2025-0511, ao proxecto “Renovación e mellora da cubrición da pista deportiva de O Cristo coa substitución da caldeira eléctrica por un equipo de aerotermia”, e dado traslado do novo proxecto aprobado Deputación Provincial de A Coruña; acordo que ten sido ratificado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada en data 28.05.2025. Proxecto, este último, sobre o que se ten efectuado un novo requirimento de subsanación pola Deputación Provincial da Coruña en data 20.05.2025, procedéndose a emendar as deficiencias observadas e descritas no citado requirimento e a prestar aprobación, pola Resolución da Alcaldía núm. 2025-0636, ao novo proxecto da obra de “Renovación e mellora da cubrición da pista deportiva de O Cristo coa substitución da caldeira eléctrica por un equipo de aerotermia”, asinado dixitalmente polo enxeñeiro de camiños D. Antonio José Durán Maciñeira en data 22.05.2025, dándose traslado do novo proxecto aprobado á Deputación Provincial de A Coruña.

EXPEDIENTE 1739/2024. INTEGRACIÓN DO CORPO DE POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS NO “SISTEMA DE SEGUIMIENTO INTEGRAL DOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO” (VIOGEN). Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente e asinouse, con data 29.05.2025, o “Procedemento operativo de coordinación e colaboración entre a Comandancia da Garda Civil de A Coruña e o Excmo. Concello de Mugardos (A Coruña) para garantir o cumprimento das medidas xudiciais de protección ás vítimas de violencia de xénero.

EXPEDIENTE 2481/2024. POS+ ADICIONAL 1/2025 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2025. Uniuse certificación do acordo ao expediente e presentouse a solicitude de participación do Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2025 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025. Tendose prestado aprobación, polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 5 de maio de 2025, plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025.

EXPEDIENTE XESTIONA NÚM. 197/2023.- ACORDO DE AGRUPACIÓN DAS ENTIDADES CO FIN DE CONCORRER, DE FORMA CONXUNTA Á TERCEIRA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS (2024), EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DE PROXECTOS DE MELLORA DA EFICIENCIA DO CICLO URBANO DA AUGA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PERTE DIXITALIZACIÓN DO CICLO DA





Concello de Mugardos
(A Coruña)

AUGA), FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA- NEXT GENERATION EU. Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado do mesmo ao Concello de Ares, xunto coa documentación precisa para poder participar na citada convocatoria, formalizouse ante notario, xunto cos concellos de Ares e Fene, acta de manifestacións na que se manifesta a vontade de continuar no citado procedemento se unha vez resolto o mesmo, a agrupación formada recibe cando menos o 100% do importe solicitado, asumindo o compromiso de a tal efecto remitir ao órgano competente de cada Corporación o correspondente acordo para adoptar a decisión que corresponda, e presentouse a solicitude de participación na citada convocatoria.

EXPEDIENTE 1816/2024. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2025. Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do acordo á Deputación Provincial de A Coruña, téndose comunicado pola Deputación Provincial, unha vez revisada a documentación presentada, a existencia de deficiencias na documentación relativa aos investimentos incluídos no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025” (Renovación dos pavimentos da beirarrúa na rúa Peteiro e Acondicionamento do Club do Mar de Mugardos) e no Plan Complementario do ano 2025 (Renovación dos pavimentos de beirarrúa na rúa os Corzás); prestándose aprobación, pola Resolución da Alcaldía núm. 2025-0501 e núm. 2025-0507, aos proxectos corrixidos “Renovación dos pavimentos da beirarrúa na rúa Peteiro” e “Acondicionamento do Clube do Mar”, as cales teñen sido ratificadas na sesión plenaria celebrada en data 28.05.2025. Proxectos, estes últimos, sobre os que se ten efectuado un novo requirimento de subsanación pola Deputación Provincial da Coruña en data 20.05.2025, procedéndose a emendar as deficiencias observadas e descritas no citado requirimento e a prestar aprobación, polas Resolucións da Alcaldía núm. 2025-0637 e 2025-0743, ao novo proxecto da obra de “Renovación dos pavimentos da beirarrúa na rúa Peteiro” e da obra de “Acondicionamento do Clube do Mar”, asinado dixitalmente, respectivamente, polo enxeñeiro de camiños D. Antonio José Durán Maciñeira en data 22.05.2025 e polo arquitecto D. Manuel Porto Vila en data 11.06.2025, dándose traslado dos novos proxectos aprobados á Deputación Provincial de A Coruña. Téndose aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña, na sesión realizada o 30 de maio de 2025, o PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2025, estando condicionada a aprobación definitiva das obras de “Renovación dos pavimentos da beirarrúa na rúa Peteiro” e “Acondicionamento do Clube do Mar”, así como a obra incluída no Plan Complementario (plan que ten sido tamén aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña na sesión realizada o 30 de maio de 2025 e para o cal tamén foi aprobada a dotación dunha maior achega provincial de créditos), isto é, a obra de “Renovación dos pavimentos da beirarrúa na rúa Os Corzás”, ao cumprimento das condicións singulares que se indican na Circular sobre a aprobación remitida pola Deputación Provincial.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

EXPEDIENTE 1816/2024. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 3/2025. Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do acordo á Deputación Provincial de A Coruña; téndose aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña, na sesión realizada o 30 de maio de 2025, o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 3/2025 para a redución da débeda dos concellos coa deputación e para máis gasto corrente dos concellos sen esa débeda.

EXPEDIENTE 81/2025. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN E TEXTO REFUNDIDO RESULTANTE DO REGULAMENTO E NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE AS LAGOAS. Uniuse certificación do acordo ao expediente, publicándose anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia núm. 90 de data 14.05.2025, e simultaneamente no taboleiro de anuncios do Concello dispoñible na sede electrónica <https://mugardos.sedelectronica.gal/info.0>, na sección de Transparencia, apartado 2.1 (normativa en tramitación) e no espazo de participación cidadá na elaboración normativa dispoñible na páxina web <https://mugardos.gal/participacion-cidada-na-elaboracion-normativa/>, sección Iniciativa en fase de información pública; estando o expediente a disposición da veciñanza, en formato papel, no servizo de Secretaría de 09.00 a 14.00 horas, e o contido dos informes técnicos, resultado da fase previa de consulta e participación públicas e o texto completo do proxecto no indicado portal de internet, sección e apartado.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL BNG SOBRE CREACIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE E BENESTAR.- Uniuse certificación do acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria realizada o 31 de xullo de 2024 ao expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona núm. 612/2025. Realizada a tramitación oportuna e elevado á consideración da Comisión Informativa Permanente de Benestar Social e Igualdade emitido en sesión realizada o 20 de marzo de 2025 e 5 de xuño de 2025, tras Resolución de Alcaldía núm. 2025-0749 ditada con data 17 de xuño de 2025, publicouse anuncio dando inicio ao procedemento de elaboración do Regulamento do Consello Municipal de Saúde e Benestar, no taboleiro de anuncios da sede electrónica, portal de transparencia e remitiuse para publicación na páxina web, sección participación cidadá na elaboración normativa, con data 18 de xuño de 2025. Dando inicio á fase de consulta pública durante o prazo de dez días hábiles”.

8º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O2025-0605 AO 2025-0759.

O Pleno da por realizado o trámite.

Avda. de Galicia, 45. Tfnos.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Rogos	
Portavoz PSdG-PSOE	Roga que se publique o calendario fiscal. Roga que se realicen as actuacións para mellorar o estado deficitario do porto cando xa se iniciou a tempada estival, existindo además un escalón en mal estado que pode dar lugar a danos nas persoas. Roga que se mellore o estado deficitario do mercado municipal.
Portavoz BNG	O concelleiro Evaristo Deus Deus realiza os seguintes rogos segundo as inquiredanzas transmitidas pola veciñanza: Aprol: precariedade dos prazos concedidos para facer alegacións e defender os seus intereses. Polo que insta a que se traslade a comisión información. Solicita información sobre o prazo de devolución das matrículas das actividades non pestadas. Actuacións contra a proliferación de gaivotas nos tellados. Accións para regular o tráfico en O Seixo O Goberno asinou un acordo co BNG e quere que se informe á cidadanía do calendario fiscal de taxas e pese aos meses transcorridos non hai visos de anuncio, a salvo o cobro efectivo.
Concelleiro delegado de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs	Hai traballos atrasados xa que unha das persoas seleccionadas no programa PEL como peón renunciou á contratación para poder optar ao programa APROL.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	Dar conta dos traballos de preparación na praia que se prolongarán ate o vermes.
Alcalde	Trasladouse a Portos de Galicia unha Memoria para solventar os problemas do porto. Os traballos a acometer son moi custosos e están buscando unha solución que sexa definitiva. Do que se dará conta.

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as dez horas e doce minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe e que conta cun soporte de grabación en audio e video segundo certificado estendido a través da ferramenta de administración electrónica Gestiona cuxa pegada dixital é:

Pegada dixital da grabación de vídeo:

e4e319162ce7f3dea202077945f0b6e6bd4534456b29c832ca
49c0c394278352442a79e4df4c1374c4b6607b35c5548328d1
b42651774369b963ff4330a8afd0

Pegada dixital da grabación de audio:

2f551222be0ec41340c00c3fbe1958adc14ac6b971ed871cac
b260eae99138fe5a4f0a8c80e3fa025e7a1acac5a93c8cd9cb
1cfbd4b0a12eaf8897d50f659d13

Visto e prace

O Presidente

A secretaria

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

